



## Guía Docente

Datos Identificativos					2019/20
Asignatura (*)	Métodos de investigación	Código	652G03019		
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Formación básica	6	
Idioma	Galego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación				
Coordinación	Arias Rodriguez, Maria Alicia	Correo electrónico	alicia.arias.rodriguez@udc.es		
Profesorado	Arias Rodriguez, Maria Alicia	Correo electrónico	alicia.arias.rodriguez@udc.es		
Web	<a href="https://www.udc.es/es/centros_departamentos_servizos/departamentos/departamento/?codigo=D162">https://www.udc.es/es/centros_departamentos_servizos/departamentos/departamento/?codigo=D162</a>				
Descrición xeral	<p>A realidade socio-educativa do/a educador/a social é complexa, diversa e difícil de analizar, describir e interpretar, por iso é necesario, que ao longo da súa formación académica, adquira unha serie de competencias que lle permitan desenvolver a súa posterior actividade profesional. Por tal circunstancia, a aprendizaxe e aplicación de diversas metodoloxías de investigación, que se planifican nesta materia, permitirá nun futuro ao educador/a social seleccionar a máis adecuada para solucionar os problemas que se encontrará no seu próximo ámbito laboral. Sen esquecer que o/a educador/a social dentro do seu ámbito laboral terá que investigar para poder achegar posibles solucións que melloren o contexto no que se desenvolva a súa actividade laboral.</p> <p>A diversidade de concepcións epistemolóxicas aplicables ás distintas situacións sociais será fonte de información para o/a investigador/a social, permitiéndolle determinar cal é a máis adecuada para solucionar o problema ao que se enfrenta. Non se pretende establecer unha prelación ou unha orde de importancia entre os variados modos de investigación, senón que é o problema de investigación o que determinará a elección dunha metodoloxía ou outra, facendo dela a máis válida para este tipo de problema.</p> <p>O desenvolvemento da investigación pretende, ademais de solucionar problemas existentes no contexto social, ser fonte de información e formación para os profesionais encargados de desenvolver a súa actividade neste campo de traballo, permitiéndolles intervir con máis garantías de calidade e, sobre todo, ser capaces de anticiparse aos problemas e as necesidades do ámbito.</p>				

## Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer á terminoloxía; as diversas fases do plantexamento da investigación e as diversas metodoloxías tanto do ámbito cuantitativo como cualitativo da intervención socioeducativa	A5 A6 A7 A8 A11 A13 A14 A21	B4	C2
Analizar a información recollida nos procesos da intervención socioeducativa, empregando as técnicas de análise adecuadas		B1 B2 B5 B6	



Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse dende diversas perspectivas e unha de elas a perspectiva de xénero			C1 C3 C4 C6 C8
---	--	--	----------------------------

Contidos	
Temas	Subtemas
BLOQUE I.- FUNDAMENTOS DA INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN	<p>TEMA 1. - A INVESTIGACIÓN EDUCATIVA.</p> <p>1.1. Definición e características da investigación científica.</p> <p>1.2. Definición e características da investigación educativa.</p> <p>1.3. Tipos de Investigación.</p> <p>TEMA 2. - OS PARADIGMAS DE INVESTIGACIÓN.</p> <p>2.1. Cuestións básicas.</p> <p>2.2. Características dos paradigmas.</p> <p>2.3. Posicións ante a diversidade paradigmática.</p>
BLOQUE II.- A INVESTIGACIÓN NO ÁMBITO EDUCATIVO E SOCIAL	<p>TEMA 3. - O PROCESO XERAL DE INVESTIGACIÓN.</p> <p>3.1. Formulación do problema.</p> <p>3.2. Revisión da literatura.</p> <p>3.3. Hipótese e variables.</p> <p>3.4. Deseños de investigación.</p> <p>3.5. Poboación e mostra.</p> <p>3.6. Técnicas de recollida de datos.</p> <p>3.7. Informe da investigación.</p> <p>3.8. Diferenzas do proceso de investigación dende a perspectiva cuantitativa e/ou cualitativa.</p>
BLOQUE III.- METODOLOXÍA CUANTITATIVA E CUALITATIVA NA INVESTIGACIÓN EDUCATIVA	<p>TEMA 4. - A INVESTIGACIÓN DENDE UNHA PERSPECTIVA CUANTITATIVA.</p> <p>4.1. Introducción.</p> <p>4.2. Investigación experimental</p> <p>4.3. Investigación non experimental.</p> <p>TEMA 5. - INVESTIGACIÓN DENDE UNHA PERSPECTIVA CUALITATIVA.</p> <p>5.1. Investigación acción, investigación colaborativa e investigación participativa.</p> <p>5.2. Investigación evaluativa</p> <p>5.3. Outros métodos cualitativos: biográfico, etnográfico, fenomenología, etnometodología y estudio de casos.</p> <p>TEMA 6.- A ESTADÍSTICA COMO INSTRUMENTO DE INVESTIGACIÓN.</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe colaborativa	A7 A8 A11 A13 A14 A21 B4 C1 C6 C8	0	48	48
Análise de fontes documentais	C4	0	12	12
Discusión dirixida	A5 B1 C1	4	4	8
Obradoiro	B2 C1 C2	14	14	28
Proba mixta	A5 A6 A11 A13 B1 B2 B5 B6 C1 C2 C3 C4 C6 C8	4	4	8
Sesión maxistral	A6 B5 C4 C6 C8	20	20	40



Atención personalizada		6	0	6
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	<p>Esta metodoloxía combínase con outras metodoloxías como a discusión dirixida, obradoiro, análise de fontes documentais, esquemas, lecturas, mapas conceptuais, solución de problemas, etc. Todos estes procedementos serán guiados de FORMA PRESENCIAL e/ou apoiados con tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>Para a súa realización configúranse grupos pequenos (non máis de 5 persoas) e lévanse a cabo durante todas as clases interactivas da materia. Así o profesor/a presentará en ditas clases as prácticas que realizará co alumnado (prácticas que están en moodle). Estas serán recollidas polo/a profesor/a ao finalizar a clase, para xustificar a presencialidade do alumnado, e serán devoltas ao alumnado nas seguintes clase interactiva.</p> <p>Como o que se realiza nas clases interactivas son as prácticas dos contidos das clases expositivas se lles pedirá ao alumnado que, dunha clase interactiva a outra, teñan revisadas as practica anteriores para poder, durante unha parte da clase interactiva, contestar preguntas que o/a profesora elabore. Ditas preguntas só ten o significado de afianzar aprendizaxes e solucionar posibles dúbidas.</p> <p>Toda esta metodoloxía está incluída no Programa Piloto para a docencia en galego no Grao de Educación Social</p>
Análise de fontes documentais	<p>Metodoloxía que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (artigos, textos educativos, bases de datos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise destes. Esta metodoloxía pódese empregar: como introdución a un tema, como instrumento de aplicación, para explicar procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.</p>
Discusión dirixida	<p>Metodoloxía dinámica de grupos na que os membros de cada grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre conceptos presentados na clase expositiva. O momento no que se leva a cabo será nas clases interactivas da materia. A devandita discusión estará moderada polo/a profesor/a. Concretamente, o tema 2 e o tema 5 dos contidos da materia serán traballados desta maneira. Aínda que se traballen ditos temas nas clases interactivas están considerados conceptos das clases expositivas, polo tanto, a súa avaliación será na parte do examen denominada teoría pura.</p> <p>Toda esta metodoloxía está incluída no Programa Piloto para a docencia en galego no Grao de Educación Social</p>
Obradoiro	<p>Esta tarefa está destinada a un único contido da materia (Tema 6). Coa mesma inténtase que o alumnado/a combine outras metodoloxías como por exemplo, exposicións orais, solucións de problemas, prácticas guiadas, etc. Pero tendo presente que con ela o/a alumno/a desenvolve tarefas puramente prácticas sobre este tema co apoio e supervisión do profesorado. Todo isto só se levará a cabo cando se explique o tema 6 (será aproximadamente a primeiros de abril). O profesor/a presentará ao alumnado os apuntes deste tema (a través de moodle); nas clases expositiva explicará con solucións de problemas ditos apuntes; nas clases interactivas o profesor/a presentará prácticas guiadas para que o alumno/a as realice e, ademais, o alumno/a deberá expoñer oralmente esas prácticas guiadas. PARA TODO ESTO O ALUMNADO/A DEBE TRAER OS APUNTES REVISADOS.</p> <p>Toda esta metodoloxía está incluída no Programa Piloto para a docencia en galego no Grao de Educación Social</p>
Proba mixta	<p>Proba utilizada para a avaliación de aprendizaxes tanto das clases expositivas como interactivas. Conta de tres partes: teoría pura (será o que o profesor/a presenta nas clases expositivas); teoría textos (será o que o profesor/a traballa co alumnado nas clases interactivas) e, a última parte, a parte estadística (será unicamente o que o/a profesor/a expón e traballe co alumnado no tema 6 do apartado contido desta materia). As preguntas destas partes poden ser directas ou afirmacións incompletas, mesmo preguntas con varias opcións ou alternativas de resposta que proporcionan posibles solucións. Pero só unha e a máis correcta. NESTA PROBA AS RESPOSTAS INCORRECTAS RESTARÁN AS CORRECTAS. A materia supérase cando se supera todas as partes e nunca se gardará algunha das partes para outras convocatorias.</p>
Sesión maxistral	<p>Clase impartida polo/a profesor/a, nas clases expositivas, sobre os contidos xa citados na guía docente . Esta metodoloxía utiliza exclusivamente a palabra como vía de transmisión da información a todo o grupo. Pero o profesor/a facilitará ao alumnado material en power point (a través de moodle) para facilitarlle o seguimento da exposición. Neste material en power point o alumnado/a terá referencias bibliográficas para consultar ou, tamén, para completar ou seguir a exposición do profesor/a</p>



## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida Sesión maxistral Obradoiro Aprendizaxe colaborativa Análise de fontes documentais Proba mixta	<p>Na atención personalizada o/a profesor/a resolverá as dúbidas que teña o/a alumno/a sobre os diferentes temas a traballar na materia. Pero ademais calquera dúbida que poida xurdir para a solución de problemas, nas lecturas, no obradoiro, na aprendizaxe colaboradora, a análise de fontes documentais como na discusión dirixida. Durante estas sesións, realizarase un seguimento do traballo do alumno/a, supervisando e orientando máis directamente o proceso para seguir en cada unha das actividades realizadas.</p> <p>Esta atención personalizada realizarase no despacho do profesorado (P1A18) no horario de titorías. Este horario está colgado no taboleiro que está no despacho do profesor, na páxina web do departamento como da Facultade de Ciencias da Educación.</p> <p>A ATENCIÓN PERSONALIZADA REALIZARASE CARA A CARA ENTRE O/A ALUMNO/A E PROFESOR/A POLO QUE A ATENCIÓN VIRTUAL NON FORMA PARTE NIN SE REALIZARÁ NESTA MATERIA. O CORREO ELECTRÓNICO DO PROFESOR/A NON SE DEBE UTILIZAR COMO: ELEMENTO PARA SOLICITAR CITA NIN PARA REALIZAR CONSULTAS.</p>

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
--------------	---------------------------	------------	---------------



Discusión dirixida	A5 B1 C1	<p>Para realizar esta tarefa débese ter en conta o seguinte:</p> <p>a-formaranse grupos pequenos non máis de 5 persoas. Os temas do contido da materia que se traballa con esta metodoloxía son o tema 2 e o tema 5 dos contidos da materia;</p> <p>b-se traballará con materiais que presentará o/a profesor/a a través de moodle. Este material estará presente polo menos co 15 días de antelación a clase interactiva na que se traballa dita metodoloxía (tamén con 15 días de antelación o profesor/a indicará en moodle a data en que se levará a cabo dita metodoloxía para que o alumnado a planifique). Ese material será power point e documentos;</p> <p>c-o material sempre será complemento de conceptos presentados nas clases expositivas;</p> <p>d-cada grupo elixirá un/unha voceiro/a. A función da devandita figura é de presentar e defender as ideas do grupo. O/a profesor/a vivirá que cada vez que se realice a devandita metodoloxía non sexa sempre o mesmo voceiro/a;</p> <p>e-a figura de moderador/a a realizara o/a profesor/a,</p> <p>Concretamente, realizaranse dúas discusións dirixidas nas clases interactivas. Senón se ten algunha discusión realizada, automaticamente, o alumnado non poderá asistir á discusión dirixida que lle falte e non pode realizar as probas eliminatorias (sempre que se leven a cabo). A avaliación desta actividade realizarase na parte do exame denominada teoría pura.</p> <p>Esta entrega sempre é ao final da clases na que se realice esta metodoloxía, nunca se entregará esta actividade: no casilleiro do/a profesor/a, nin por correo electrónico, nin no despacho do/a profesor/a fóra do horario de clase.</p> <p><b>OS PUNTOS DA AVALIACIÓN DESTA METODOLOXÍA SÓ SERVIRÁN PARA QUE O ALUMNADO PODA PRESENTARSE (SEMPRE QUE SE TEÑA OS 8 PUNTOS) A PROBA ELIMINATORIA DA MATERIA (HABERÁ DÚAS PROBAS UNHA DAS CLASES INTERACTIVAS ATA O TEMA 6 (sempre que se realicen) e OUTRA PROBA ELIMINATORIA SÓ DO TEMA 6.</b></p> <p>O alumnado con dispensa académica pode realizar esta metodoloxía por moodle e complementará unha enquisa sobre o mesmo nun período de tempo marcado polo profesor/a. Se nese período de tempo non ten a enquisa realizada terá as mesmas normas que o alumnado que asiste a clase e non pode asistir.</p>	8
--------------------	----------	--	---



Obradoiro	B2 C1 C2	<p>Esta tarefa está destinada a un único contido da materia (Tema 6). Coa mesma inténtase que o alumnado/a combine outras metodoloxías como por exemplo, exposicións orais, solucións de problemas, prácticas guiadas, etc. Pero tendo presente que con ela o/a alumno/a desenvolve tarefas puramente prácticas sobre este tema co apoio e supervisión do profesorado. Todo isto so se levará a cabo cando se explique o tema 6 (será aproximadamente a primeiros de abril). O profesor/a presentará ao alumnado os apuntes deste tema (a través de moodle); nas clases expositivas explicará con solucións de problemas ditos apuntes; nas clases interactivas o profesor/a presentará prácticas guiadas para que o alumno/a as realice e, ademais, o alumno/a deberá expoñer oralmente esas prácticas guiadas. <b>PARA TODO ESTO O ALUMNADO/A DEBE TRAER OS APUNTES REVISADOS.</b></p> <p>O alumnado cada vez que realice unha práctica das clases interactivas o/a profesor/a a recollerá (o alumnado con dispensa académica pode realizar as prácticas por Moodle e reenvíalas ao profesor/a nun período marcado polo mesmo). O alumnado que asiste a clase como o de dispensa académica para poder presentarse a proba eliminatoria desta parte debe ter todas as prácticas desta parte.</p> <p>O profesor/a antes da proba eliminatoria, que sempre coincide co último día de clase do mes de maio, realizará un simulacro de dita proba, no horario de clase da materia. As preguntas de este simulacro estarán a disposición do alumnado matriculado nesta materia en moodle. A asistencia a este simulacro no é obrigatoria e o alumnado pode entrar e saír durante o mesmo.</p>	15
-----------	----------	---	----



Aprendizaxe colaborativa	A7 A8 A11 A13 A14 A21 B4 C1 C6 C8	<p>En esta metodología se quiere observar el aprendizaje del alumnado y poder identificar dudas para poder solucionarlas. Para eso, esta metodología únicamente se realizara en las clases interactivas. El profesor/a presentará al alumnado diversas practicas de algunos de los contenidos presentados en las clases expositivas (dichas practicas están en moodle), las recogerá al finalizar la clase y las devolverá al alumnado en la clase interactiva siguiente (las practicas serán revisadas por el/la profesor/a con las anotaciones pertinentes y el alumnado si no entiende alguna de esas anotaciones debe pasar por la tutoría)</p> <p>Para evaluar esta metodología debe cumplirse los siguientes requisitos: la capacidad de trabajo individual, capacidad de trabajo en equipo, conocimientos generales básicos, capacidad de síntesis y análisis, capacidad de aplicar los conocimientos de las sesiones magistrales a la práctica, capacidad para generar nuevas ideas (innovación y creatividad), capacidad crítica y autocrítica, toma de decisiones, comunicación oral y escritura y habilidades de investigación. La evaluación de dichos requisitos será por tres vías: una y cuando el profesor/a a la cada practica, realizada en la clase interactiva correspondiente, le asigna un punto (además de los puntos que le corresponde cuándo en una clase interactiva además de este aprendizaje aplicara la metodología de análisis de fuente documentales por ejemplo); otra vía y la posibilidad de presentarse a una prueba eliminatoria de materia (esta prueba queda condicionada a que el profesor/a explique todos los conceptos prácticos de todos los contenidos de la materia, en las clases expositivas, a excepción del tema 6 que quedarían evaluados en la metodología taller. Además, a esta prueba sólo se puede presentar el alumnado que ha conseguido un total de 30 puntos de las clases interactivas (menos las del tema 6) y tenga los puntos de la metodología de análisis de fuentes y de la metodología de discusión dirigida) y la última vía y la prueba denominada teoría textos. Las preguntas de esta prueba son trabajados en las clases interactivas por el profesor/a y el alumnado y, además, están en la aplicación moodle (incluso son las mismas preguntas de una de las partes del examen de las diferentes convocatorias).</p> <p>ASÍ, Los 20 PUNTOS DE La EVALUACIÓN DE ESTA METODOLOGÍA Alcanzase CUANDO EI ALUMNO SUPERE LA PRUEBA ELIMINATORIA DE MATERIA (SIEMPRE QUE SE REALICE) O BIEN EN EI EXAMEN DE La CONVOCATORIA CORRESPONDIENTE. SIEMPRE QUE SEA ALUMNADO PRESENCIAL (O ALUMNADO QUE ASISTE La CLASE) O ALUMNADO CON DISPENSA ACADÉMICA</p>	20
Análise de fontes documentais	C4	<p>Dentro da investigación educativa, o estudante ten que coñecer e familiarizarse coas bases de datos nas que lles permita a busca de información. Inclusive a normativa APA. Para iso, o profesor/a o primeiro día de clase sinalará aos alumnos os días concretos nos que se realizará dita actividade. Para iso, o alumnado deberá traer ordenador para poder seguir as explicacións do/a profesor/a. Como todas as prácticas das clases interactivas estará en moodle.</p> <p>Durante a sesión propoñerase unha serie de actividades que serán entregadas á profesora ou profesor ao finalizar cada sesión con cada grupo interactivo.</p> <p>OS 3 PUNTOS DESTA METODOLOXÍA SÓ OS ALCANZARÁ O ALUMNADO QUE ASISTA A CLASE OU ALUMNADO QUE TEÑA A DISPENSA ACADÉMICA (QUE REALICEN DITA METODOLOXÍA na clase interactiva pertinente) SEMPRE que aproben OU BEN A PROBA ELIMINATORIA (sempre que se realice) DA MATERIA OU BEN O EXAMEN DA CONVOCATORIA CORRESPONDENTE.</p>	3



Proba mixta	A5 A6 A11 A13 B1 B2 B5 B6 C1 C2 C3 C4 C6 C8	<p>O exame da convocatorias de xuño ou xullo é o que fai referencia a avaliación desta metodoloxía e consta de dúas partes:</p> <p>1-Parte teórica dividida á súa vez en dúas partes:</p> <p>a) unha primeira, denominada "Teoría pura", constará dun número de ítem de resposta aberta; ou de resposta breve ou de verdadeiro e falso pero xustificando (o tipo de preguntas o determinará o profesor/a). Unha pregunta cunha resposta incorrecta resta unha pregunta cunha resposta correcta. Esta parte apróbase cando se alcanza unha puntuación de 10 sobre 18 puntos que é a puntuación máxima que se alcanza aquí.</p> <p>b) a segunda parte, denominada "Teoría práctica", constará dun resumo dun artigo de investigación cualitativo ou cuantitativo no que o estudante debe responder a unha serie de preguntas de resposta múltiple. Esta proba constará dun baremo que será presentado ao alumnado ao mesmo tempo que realiza o exame. As preguntas deste exame son as mesmas que se traballan nas clases interactivas e aparecen en moodle. Esta parte apróbase cando se alcanza unha puntuación de 10 sobre 18 puntos que é a puntuación máxima que se alcanza aquí.</p> <p><b>IMPORTANTE ESTA PARTE TEÓRICA (coas dúas probas) CONSIDÉRASE SUPERADA CANDO SE SUPERAN AS DÚAS PARTES, É DICIR, EN CADA UNHA DELAS SE ALCANZA UN 10 SOBRE 18. SE SE SUSPENDE UNHA DESTAS PARTES SUSPÉNDESE A PARTE TEÓRICA (non se garda nota de ningunha parte, en ningunha convocatoria, se se suspende).</b></p> <p>2-Parte estatística. Esta parte consta de varios problemas estatísticos ou preguntas de respostas breves ou preguntas de verdadeiro e falso (o profesor/a será o que decida o tipo de preguntas. Pero sempre tendo en conta as preguntas que aparecen en moodle baixo o título de ?simulacro de proba estadística?). Esta parte apróbase cando se alcanza unha puntuación de 10 sobre 18 puntos que é a puntuación máxima que se alcanza aquí.</p> <p><b>NOTA ACLARATORIA.</b></p> <p>Se se suspende algunha das partes (non se alcanza a puntuación mínima para aprobar) o alumnado debe ir a seguinte convocatoria con todo. <b>NON SE GARDAN PARTES DE NINGÚN EXAME DUNHA CONVOCATORIA PARA OUTRA OU OUTRAS CONVOCATORIAS.</b></p> <p><b>A DATA DOS EXAMES DAS CONVOCATORIAS ESTÁN MARCADOS POR XUNTA DE FACULTADE POLO TANTO NON SE MOVEN.</b></p> <p><b>BAREMO QUE SE SIGUE EN AMBAS PARTES, A TER EN CONTA:</b></p> <p>a)10 PUNTOS A 12 PUNTOS EQUIVALE A UN APROBADO (5-6). Concretamente, 10 e 11 puntos equivale a un cinco; 12 puntos equivale a un seis.</p> <p>b)13 PUNTOS A 15 PUNTOS EQUIVALE A UN NOTABLE (7-8). Concretamente, 13 e 14 puntos equivale a un sete; 15 puntos equivale a un oito.</p> <p>c)16 PUNTOS A 18 PUNTOS EQUIVALE A UN SOBRESAÍNTE (9-10). Concretamente, 16 e 17 puntos equivale a un nove; 18 puntos equivale a un 10</p>	54
-------------	---	--	----

### Observacións avaliación





Na avaliación da

materia (exposta no apartado da guía docente, denominado "Paso 7:

Avaliación") terase en conta antes de nada o seguinte:

a) ESTUDIANTES QUE ASISTAN SEMPRE A CLASE (ou

alumnado con dispensa académica) considéranse que asisten un 80%, isto equivale a non ter máis de 3 faltas

sen xustificar. Xustifícase as faltas médicas (con xustificante correctamente

coverto por un/unha médico/a colexiado) e as faltas por un traballo (con xustificante

correctamente coverto no traballo onde se xustifique que en horas de clase se

está a traballar). Nunca se poderá realizar as actividades fóra de aula (a

excepción do alumnado con dispensa académica). Para isto o/a profesor/a en clases

solicitará aos alumnos que asine unha folla tanto á entrada de clases como á saída

ou que indique os seguintes datos: nome, apelidos, DNI e firma nas prácticas

das clases interactivas.

A avaliación

destes alumnos/as ten en conta o seguinte: 1-A

"participación en clase", na medida que a intervención activa

en clase permita ao profesor/a facerse unha mellor idea dos coñecementos, as

dúbdidas e inquietudes dos/as alumnos/as. A información adquirida, por parte do/a profesor/a, con este procedemento intégrase coa obtida polo resto de

procedementos utilizados, e con iso preténdese conseguir unha valoración máis

individualizada e completa; 2-a través

das seguintes metodoloxías: "discusión dirixida" (8 sobre 100 puntos),

"obradoiro" (15 sobre 100 puntos), "aprendizaxe

colaboradora" (20 sobre 100 puntos) e "análise de fontes documentais"

(3 sobre 100 puntos) o estudante alcanzará unha puntuación de 46 sobre

100. b-para alcanzar a puntuación máxima de cada metodoloxía non se terá en

conta só se entrega o material ou non. Teranse en conta varios factores como: a

capacidade de traballo individual, capacidade de traballo en equipo,

coñecementos xerais básicos, capacidade de síntese e análise, capacidade de

aplicar os coñecementos das sesións maxistras á práctica, capacidade para

xerar novas ideas (innovación e creatividade), capacidade crítica e

autocrítica, toma de decisións, comunicación oral e escrita e habilidades de

investigación. TODO ISTO O OBSERVARÁ O/A PROFESOR/A AO LONGO DAS CLASES INTERACTIVAS

(non hai que esquecer que moitas destas metodoloxías se elaborasen e

desenvolvesen nas devanditas clases). Por tal motivo nesas clases o profesor

tomará as observacións pertinentes 3-O

exame da convocatorias de xuño ou xullo. A puntuación que se pode

alcanzar é de 54 puntos: a-Parte teórica dividida á súa vez en dúas partes:

unha primeira, denominada "Teoría pura" apróbese cando se alcanza

unha puntuación de 10 sobre 18 puntos que é a puntuación máxima que se alcanza

aquí. A segunda parte, denominada "Teoría práctica" apróbese cando se

alcanza unha puntuación de 10 sobre 18 puntos que é a puntuación máxima que se

alcanza aquí. **IMPORTANTE, ESTA PARTE TEÓRICA CONSIDÉRASE SUPERADA CANDO SE**

**SUPERAN AS DÚAS PARTES CUN DEZ EN CADA UNHA DELAS. SE SE SUSPENDE UNHA DESTAS**

**PARTES SUSPÉNDESE A PARTE TEÓRICA.** b-Parte estatística. Esta parte apróbese cun

10, polo tanto, esta parte puntúa sobre 18 puntos.



## PARA OS ALUMNOS

QUE ASISTEN A CLASE (ou con dispensa académica) E TEÑEN ALCANZADOS A FINAIS DO MES DE maio UNHA PUNTUACIÓN DAS CLASES INTERACTIVAS DE 46 PUNTOS. PODEN PRESENTARSE ás probas eliminatorias (DA TEORÍA DE TEXTOS E PARTE ESTADÍSTICA (detalle importante para presentarse a esta última proba eliminatoria conta os puntos antes da proba eliminatoria de teoría de textos como as prácticas das clases interactivas correspondente ao tema 6). Ambas probas REALIZARANSE CANDO SE CUMPRAN (TODAS) as SEGUINTE SITUACIÓNS: A-A materia que entraría na parte teórica e que corresponde ao que se imparte nas clases expositivas se rematase de explicar en clase a primeiros de abril. b- La materia que entraría na parte práctica e que se explica en clase na última semana de abril e as semanas que corresponden de maio (segundo calendario académico) remate o último día de clases deste curso académico. O/A profesor/a a finais de abril comentará en clases que alumnos/as teñen alcanzados os 46 puntos e se se cumpre todas as condicións anteriores (a través de moodle ou se o/a alumno/a o pregunta en titorías).

b) ESTUDANTES QUE NON ASISTAN SEMPRES A CLASE considéranse que non asisten cando faltan máis dun 80%, é dicir, ten máis de tres faltas sen xustificar. Se xustifica as faltas médicas (con xustificante correctamente cuberto por un/unha médico/a colexiado) e as faltas por un traballo (con xustificante correctamente cuberto no traballo onde se xustifique que en horas de clase se está a traballar). Estes alumnos/as se presentarán ás probas das convocatorias de xuño ou xullo. A PUNTUACIÓN CONSEGUIDA neste EXAME POR ESTES ALUMNOS/AS PUNTUARÁ SOBRE 100 PUNTOS. Isto quere dicir, os/as alumnos/as deben alcanzar a seguinte puntuación: a) Parte teórica, inclúe a parte denominada "Teoría pura" e a parte denominada "Teoría Textos" a puntuación máxima é de 10 en cada unha das partes. Ambas partes aprobaranse cun 5. Se algunha das partes non se aproba cun cinco, considérase que o/a alumno/a suspende toda a parte teórica. b) Parte estatística a puntuación máxima é dun 10.

Se se suspende

algunha das dúas partes, anteriormente indicadas, o/a alumno/a suspenderá todo o exame (non se gardan partes nin notas en ningunha convocatoria)



## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<p>Arnal, J., Del Rincón, D. y Latorre, A. (1992). Investigación educativa. Fundamentos y metodología. Barcelona: Labor. Bisquerra, R. (2004). Metodología de la investigación educativa. Madrid: La Muralla. Colás, P. y Buendía, A. (1992). Investigación educativa. Sevilla: Alfar. De La Orden, A. (1985). Investigación educativa. Diccionario de Ciencias de la Educación. Madrid: Anaya. De la Herrán (Coord.) (2005). Investigar en educación. Fundamentos, aplicaciones y nuevas perspectivas. Madrid: Dilex. Dendaluze, I. (Coord.) (1988). Aspectos metodológicos de la investigación educativa. (II Congreso Mundial Vasco). Madrid: Narcea. Etxeberria, J. y Tejedor Tejedor, F. J. (2005). Análisis descriptivo de datos en educación. Madrid: La Muralla. García, V. (1994). Problemas y métodos de investigación en educación personalizada. Madrid: Rialp. García, M. (2000). Socioestadística. Introducción a la Estadística en Sociología. Madrid: Alianza. García, M (coord.) (2015). El análisis de la realidad social: métodos y técnicas de investigación. Madrid: Alianza. Hernández, R., Fernández, C. y Baptista, P. (2003). Metodología de la investigación. (3ª. Edic.). México: McGraw-Hill. Latorre, A. (2003). La investigación-acción. Conocer y cambiar la práctica educativa. Barcelona: Graó. León, O. y Montero, I. (1993). Diseño de investigaciones. Introducción a la lógica de la investigación en Psicología y Educación. Madrid: McGraw-Hill. Losada, J. L. y López, R. (2003). Métodos de investigación en Ciencias Humanas y Sociales. Madrid: Thomson. Orfelo, L (2015). Métodos de Investigación en Psicología y educación: las tradiciones cualitativas y cuantitativa. Madrid: McGrawHill. Pérez, G. (Coord.). (2001). Modelos de investigación cualitativa en Educación Social y Animación Sociocultural. Aplicaciones Prácticas. Madrid: Narcea. Rodríguez, G., Gil, J. y García, E. (1996). Metodología de la investigación cualitativa. Málaga: Aljibe. Verd, J.M. (2016). Introducción a la investigación cualitativa: fases, métodos y técnicas: Madrid: Síntesis</p>
<b>Bibliografía complementaria</b>	<p>Almazán, A et al. (2011). Análisis estadístico para la investigación social. Madrid: Garceta Bisquerra, R (1987). Introducción a la estadística aplicada a la investigación educativa. Barcelona: Promociones y Publicaciones Universitarias. Bisquerra, R. (2004). Metodología de la investigación educativa. Madrid: La Muralla. De Lara, E. y Ballesteros, B (2001). Métodos de investigación en educación social. Madrid: Universidad Nacional de Educación a Distancia. De la Herrán (Coord.) (2005). Investigar en educación. Fundamentos, aplicaciones y nuevas perspectivas. Madrid: Dilex. Fox. D.J. (1987). El proceso de investigación en educación. Pamplona: Eunsa. Grim, P. (2010). La certeza absoluta y otras fricciones. Los secretos de la estadística. Barcelona: RBA Libros Monje, C (2011). Metodología de la investigación cualitativa y cuantitativa. Guía didáctica. Recuperado de: <a href="https://www.uv.mx/rmipe/files/2017/02/Guia-didactica-metodologia-de-la-investigacion.pdf">https://www.uv.mx/rmipe/files/2017/02/Guia-didactica-metodologia-de-la-investigacion.pdf</a> (consultado: 03/07/2018) Sierra, R. (1987). Técnicas de Investigación social. Teorías y ejercicios. Madrid: Paraninfo Enlaces WEB: Métodos y técnicas de investigación <a href="https://www.gestiopolis.com/metodos-y-tecnicas-de-investigacion/">https://www.gestiopolis.com/metodos-y-tecnicas-de-investigacion/</a> (consultado: 03/07/2018) Métodos de Investigación social: <a href="https://metodoss.com/investigacion-social/">https://metodoss.com/investigacion-social/</a> (consultado: 03/07/2018) Metodología de la investigación: <a href="https://sites.google.com/site/51300008metodologia/caracteristicas-cualitativa-cuantitativa">https://sites.google.com/site/51300008metodologia/caracteristicas-cualitativa-cuantitativa</a> (consultado: 03/07/2018) Aula virtual: <a href="https://educacionadistancia.juntadeandalucia.es/profesorado/autoformacion/mod/book/view.php?id=3847&amp;chaptedirid=3127">https://educacionadistancia.juntadeandalucia.es/profesorado/autoformacion/mod/book/view.php?id=3847&amp;chaptedirid=3127</a> (consultado: 03/07/2018) Uso de los métodos cuantitativos y cualitativos en la investigación <a href="https://prezi.com/awtmv2x2_9a/el-uso-de-los-metodos-cuantitativos-y-cualitativos-en-una-investigacion/">https://prezi.com/awtmv2x2_9a/el-uso-de-los-metodos-cuantitativos-y-cualitativos-en-una-investigacion/</a> (consultado: 03/07/2018)</p>

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

Métodos de avaliación de programas/652G03023

Técnicas de recollida e análise da información/652G03026

**Observacións**



Se pueden consultar las siguientes

fuentes:<http://www.udc.es/dep/fam>&nbsp;<http://www.educacion.udc.es>&nbsp;<http://www-ice.up.es/upc/ice/ice.nsf>.&nbsp;<http://dialnet.inicaja.es>&nbsp;<http://www.mec.es>&nbsp;<http://bibloteca.udc.es>&nbsp;<http://www.um.es/~depmide/RIE>&nbsp;<http://www.uv.es/a>  
<http://www.bne.es>  
<http://aera.net>

Comité Ambiental da Facultade (GREEN CMPUS) recoméndase:

&nbsp;-Recoméndase os envíos dos traballos telemáticamente e de non ser posible, no utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores.

-Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.

-Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sosenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.tamén recoméndase utilizar LENGUAXE INCLUSIVO

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías